

Urbán
Inverso

Inverso Urbán


CAIXA GALICIA
 OBRASOCIAL
PHOTO GALICIA 2007
© PHOTODIAGONIA

Dentro do ciclo PhotoGalicia, de cinco exposicións, organizado pola Fundación Caixa Galicia, esta achega ao Outono Fotográfico a mostra *Inverso Urbano*.

A obra de Manuel Vázquez, desenvolvida a medio camiño entre a fotografía e o vídeo, está fortemente influenciada polas incursións dos seus primeiros traballos no campo da pintura tras a súa formación na Facultade de Belas Artes de Pontevedra e a Central Saint Martins School of Art de Londres. Aspectos pictóricos como a preocupación polos problemas de luminosidade ou o marcado interese pola inmaterialidade das imaxes son referencias constantes en cada un dos seus traballos.

Manuel Vázquez agrupa habitualmente a súa obra por series e proxectos, explorando a manipulación poética da imaxe e cuestionando a idea mesma de contemplación, unha contemplación romántica que remite inmediatamente ao concepto estético do sublime. A súa mirada, centrada nos elementos máis cotiáns e á vez conflictivos da nosa sociedade, ofrece un punto de vista persoal mediatizando a percepción do espectador mediante o uso da imaxe manipulada.

Nos traballos de Manuel Vázquez poderíanse definir os seguintes eixes temáticos:

— A paisaxe fronte á cidade / abstracción fronte realidade.

- *Serie Urbanation* (2004-2006, vídeo/fotografía): realizada en Madrid en 2004/05, nesta serie se contraponen as nocións de paisaxe e cidade. A cámara deslízase sobre o horizonte urbano e a cidade perde a súa densidade de formigón ata case desaparecer. Son imaxes que reaccionan de forma inesperada á súa aceleración, descubriendo unha cidade máis próxima a nocións de paisaxe e onde a imaxinación ocupa o espazo entre capas de ficción e realidade.

- *Serie Carscape* (2002, vídeo/fotografía): as suxestivas imaxes do que parece ser unha panorámica sobre o mar transfórmanse, mediante o progresivo enfoque do obxectivo, nunha desdobrada visión sobre un aparcadoiro industrial de coches. O esvaecemento acadado a partir deste xogo focal muda a realidade, cuestionando a idea mesma da contemplación.

- *Vídeo Plaistownstation* (2001, vídeo): un plano fixo mostra a vida cotiá dun día laboral en Londres. A calor desprendida dunhas vías do ferrocarril esvaece a escena ata convertela en abstracta. A medida que os trens se achegan ao obxectivo, a escena tórnase lentamente para descubrir ao espectador a realidade cotiá.

— O cotián na sociedade moderna.

- *Serie Dixital Girl* (2002, vídeo): imaxe do tempo de ocio

OUTONO FOTOGRAFICO 2007



Manuel Vázquez
Urbán 1



Manuel Vázquez
Urbán 2



Manuel Vázquez
Urbán 3

